

Informe xustificativo da necesidade e idoneidade da contratación

EXPEDIENTE:	2023/00003412J
PROCEDEMENTO:	P1 - Previo de necesidades
DESCRIPCIÓN	CONTRATACIÓN POR PROCEDIMENTO ABERTO MULTICRITERIO, DA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS ASOCIADOS AO PROGRAMA “COLABORA E INNOVA NO TEU BARRIO” NO MARCO DA OPERACIÓN “FAINO TÍ” NO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, dentro da EDUSI REVIVE SANTIAGO, financiada nun 80% polo Programa Operativo de Crecemento Sostible FEDER 2014-2021

EXPEDIENTE A Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 establece:

“Artigo 28. Necesidade e idoneidade do contrato e eficiencia na contratación.

1. As entidades do sector público non poderán subscribir outros contratos que aqueles que sexan necesarios para cumprir e realizar os seus fins institucionais. Para ese efecto, a natureza e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato proxectado, así como a idoneidade do seu obxecto e contido para satisfacelas, cando se adxudique por un procedemento aberto, restrinxido ou negociado sen publicidade, deben ser determinadas con precisión, deixando constancia diso na documentación preparatoria, antes de iniciar o procedemento encamiñado á súa adxudicación.”

A operación “Faino Ti”, incluída na Liña de Actuación 1 da EDUSI REVIVE do concellos de Santiago de Compostela, pretende difundir as competencias tecnolóxicas, as competencias básicas e as habilidades de resolución de problemas asociadas ao desempeño dun emprego entre as novas xeracións dos barrios máis desfavorecidos e, ao mesmo tempo, quere achegar o potencial das innovacións tecnolóxicas a poboación maior e os oficios tradicionais desenvolvidos nos barrios de Santiago de Compostela, para dotar destes barrios e comercios con posibilidades de reformulación e consolidación económica. O obxectivo da operación é fortalecer as capacidades tecnolóxicas e de innovación dos grupos máis desfavorecidos nos barrios da cidade de Santiago, a fin de promover a medio prazo a renovación e consolidación dos comercios tradicionais e o lanzamento de iniciativas empresariais relacionadas co tecido industrial dos barrios, que fan uso destas habilidades tecnolóxicas.

Dentro desta operación, están prevista unha acción dirixida a achegar aos barrios experiencias e metodoloxías, que normalmente operan en espazos fortemente especializados como centros de innovación ou tecnolóxicos ou feiras especializadas. Os obxectivos específicos desta acción son:

i. Mellorar a sensibilidade tecno-científica da mocidade dos barrios e rural de

Informe xustificativo da necesidade e idoneidade da contratación

Compostela.

- ii. Implantar dinámicas de colaboración na realización de proxectos relacionados co tecido socioeconómico do barrio.
- iii. Achegar equipamento e maquinaria necesaria para o desenvolvemento dos proxectos tecnolóxicos á mocidade, favorecendo o coñecemento e manexo deses aparellos e da súa tecnoloxía. Mellorar o coñecemento e a valoración da cidadanía sobre o seu patrimonio industrial e a capacidade de innovación do seu territorio

Esta acción se articulará a través de tres actuacións diferenciadas:

- a. A posta en marcha dun FabLab (fabrication laboratory) que achegue a cultura maker e as posibilidades tecnolóxicas aos oficios e industriastradicionais dos barrios, e aos colectivos máis desfavorecidos dos barrios (nomeadamente á mocidade), de xeito que, ao finalizar a operación, operarios de oficios tales como modistas ou zapateiros, deben ser capaces de coñecer tecnoloxías tales como a impresión 3D ou a realidade aumentada, e ser capaces de valorar a aplicación (ou aplicar directamente) estas tecnoloxías aos seus oficios, facendo posible a innovación en oficios tradicionais.
- b. A posta en marcha dunha rede de reciprocidade en materia TIC, artellada a través dun Espazo de Transferencia interxeneracional de coñecementos TIC (Rede TIC2), de xeito que mediante esta rede a mocidade dos barrios axudará aos veciños maiores a aprender as oportunidades que ofrecen as TIC no desenvolvemento da vida cotiá, en funcións tales como a compra electrónica, as relacións coa Administración sanitaria ou a posibilidade de aplicación das TIC ao consumo colaborativo. Ademais, poráanse a disposición unidades divulgativas que permitan transferir á infancia e as familias a aplicación da cultura maker e o procesos de resolución de problemas na súa aplicación práctica aos negocios tradicionais, como medio de posta en valor da importancia da cultura maker e as oportunidades dos coñecementos STEM para a construción dunha cidade sostible.
- c. A identificación de boas prácticas en uso das TIC's, o talento STEM e a investigación científica que poidan ser aplicadas á xestión de oficios tradicionais e industrias asentadas nos barrios de Santiago de Compostela.

Faino Tí contribuirá así á consecución das metas da Estratexia DUSI de Santiago de Compostela no OT9 e á promoción da inclusión social, a través da redución do gap tecnolóxico, e mediante unha estratexia de intervención que empodere aos colectivos con maiores dificultades de acceso á tecnoloxía (mulleres desempregadas, maiores, e mozas dos barrios). Apostamos novamente por unha estratexia de intervención integral que empodere aos colectivos con maiores dificultades de acceso á tecnoloxía, como elemento integral de inclusión social na actualidade, á vez que se promove a recuperación e posta en valor dos oficios tradicionais, promovendo así a rexeneración económica dos barrios.

Informe xustificativo da necesidade e idoneidade da contratación

Porén, o departamento de Promoción Económica carece dos medios humanos e materiais necesarios para o desenvolvemento destas prestacións, sendo esta a razón que xustifica a necesidade da contratación

A Xunta de Goberno Local do Concello de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria celebrada o 9 de xaneiro de 2023 adoptou o seguinte acordo:

Declarar deserta a licitación "Prestación dos servizos asociados ao programa "COLABORA E INNOVA NO TEU BARRIO" no marco da operación "Faino Tí" da

EDUSI REVIVE de Santiago de Compostela financiada nun 80% polo programa operativo (POPE) de crecemento sostible FEDER 2014-2021 (Integrado polo deseño e desenvolvemento dun fab lab (LOTE 1), a posta en marcha da e a REDE TIC2 e a difusión do fab lab e a rede tic2 (LOTE 2), e un catálogo de boas practicas en materia de usos das tic e talento STEM relacionado con oficios tradicionais e industrias asentadas no Concello de Santiago de Compostela (LOTE 3) "

É preciso proceder novamente á licitación deste contrato para darlle cumprimento aos obxectivos marcados, respetando os prazos de execución do proxecto. Para facilitar a concorrencia de empresas á licitación respecto do informe memoria elaborado en marzo de 2022, na actual proposta de prego técnico flexibilizase a duración no tempo das accións a propor polas empresas licitadoras, permitindo a acumulación de actividades en menor tempo e mantense os obxectivos xerais de participantes e asistentes. Tamén se especifica a posibilidade de empregar locais municipais para o desenvolvemento das actividades, así como outros emplazamentos a propór pola empresa. Estas dúas modificacións non afecta ao cálculo económico xa realizado

Informe xustificativo da necesidade e idoneidade da contratación

DATOS PARA A TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN

1. UNIDADE RESPONSABLE DO SEGUIMENTO E SUPERVISIÓN DA CONTRATACIÓN

CENTRO XESTOR PROPOÑENTE	
CLAVE	CX34 PROMOCIÓN ECONÓMICAí
DENOMINACIÓN	CONTRATACIÓN POR PROCESO ABERTO MULTICRITERIO, DA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS ASOCIADOS AO PROGRAMA “COLABORA E INNOVA NO TEU BARRIO”, integrado polo deseño e desenvolvemento dun fab lab (LOTE 1), a posta en marcha da e a REDE TIC2 e a difusión do fab lab e a rede tic2 (LOTE 2), e un catálogo de boas practicas en materia de usos das tic e talento STEM relacionado con oficios tradicionais e industrias asentadas no concello de Santiago de Compostela (LOTE 3) no marco da operación “Faino Tí” da EDUSI REVIVE de Santiago de Compostela, financiada nun 80% con cargo ao POPE 2014-2020 NO MARCO DA OPERACIÓN “FAINO TÍ” NO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, dentro da EDUSI REVIVE, financiada nun 80% polo Programa Operativo de Crecemento Sostible FEDER 2014-2021í
PERSONA RESPONSABLE DO SEGUIMENTO	
NOME	CARME CASADO CASADO
CARGO	TECNICA ECONOMISTA, RESPONSABLE DO CX 34 PROMOCIÓN ECONÓMICA

2. CONTRATO SARA:

	Si
X	Non

2.1. DIRECTIVA DE APLICACIÓN:

	Directiva 2014/23/EU - relativa á adxudicación de contratos de concesión
X	Directiva 2014/24/EU - sobre Contratación Pública
	Directiva 2009/81/EC - relativa á adxudicación de contratos de subministración, servizos e obras no ámbito da defensa e a seguridade
	Non aplica

3. TIPO DE CONTRATO:



UNIÓN EUROPEA
Fondo Europeo
de Desenvolvemento Rexional
Unha maneira de facer Europa

Informe xustificativo da necesidade e idoneidade da contratación

	Subministración
--	-----------------

Informe xustificativo da necesidade e idoneidade da contratación

X	Servizos
	Obras
	Administrativo especial
	Privado
	Xestión de Servizos Públicos
	Concesión de Servizos
	Concesión de Obras Públicas
	Concesión de Obras
	Colaboración entre o sector público e o sector privado Patrimonial

4. **SUBTIPO DO CONTRATO :**

Procedemento aberto multicriterio

5. **OBXECTO DO CONTRATO**

PRESTACIÓN DOS SERVIZOS ASOCIADOS AO PROGRAMA “COLABORA E INNOVA NO TEU BARRIO” NO MARCO DA OPERACIÓN “FAINO TÍ” NO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, dentro da EDUSI REVIVE, financiada nun 80% polo Programa Operativo de Crecemento Sostible FEDER2014-2021.

6. **NECESIDADES QUE SE PRETENDEN CUBRIR**

A través deste contrato se pretende desenvolver os seguintes servizos: Esta acción se articulará a través de tres actuacións diferenciadas:

a. A posta en marcha dun FabLab (fabrication laboratory) que achegue a cultura maker e as posibilidades tecnolóxicas aos oficios e industrias tradicionais dos barrios, e aos colectivos máis desfavorecidos dos barrios (nomeadamente á mocidade), de xeito que, ao finalizar a operación, operarios de oficios tales como modistas ou zapateiros, deben ser capaces de coñecer tecnoloxías tales como a impresión 3D ou a realidade aumentada, e ser capaces de valorar a aplicación (ou aplicar directamente) estas tecnoloxías aos seus oficios, facendo posible a innovación en oficios tradicionais.

b. A posta en marcha dunha rede de reciprocidade en materia TIC, artellada a través dun Espazo de Transferencia interxeneracional de coñecementos TIC (Rede TIC2), de xeito que mediante esta rede a mocidade dos barrios axudará aos veciños maiores a aprender as oportunidades que ofrecen as TIC no desenvolvemento da vida cotiá, en funcións tales como a compra electrónica, as relacións coa Administración sanitaria ou a posibilidade de aplicación das TIC ao consumo colaborativo. Ademais, poráanse a disposición unidades divulgativas que permitan transferir á infancia e as familias a aplicación da cultura maker e o procesos de resolución de problemas na súa aplicación práctica aos negocios tradicionais, como medio de posta en valor da importancia da cultura maker e as oportunidades dos coñecementos STEM para a construción dunha cidade sostible.

Informe xustificativo da necesidade e idoneidade da contratación

A identificación de boas prácticas en uso das TIC's, o talento STEM e a investigación científica que poidan ser aplicadas á xestión de oficios tradicionais e industrias asentadas nos barrios de Santiago de Compostela

7. DECLARACIÓN INSUFICIENCIA DE MEDIOS

O Departamento de Promoción Económica carece dos medios humanos e materiais necesarios para o desenvolvemento destas prestacións, sendo esta a razón que xustifica a necesidade da contratación

8. COMPRA PÚBLICA INNOVADORA:

X	Non
	Compra Pública de Tecnoloxía Innovadora
	Compra Pública Precomercial

9. PROCEDIMENTO DE LICITACIÓN

X	Aberto
	Aberto simplificado
	Asociación para a innovación
	Baseado en Acordo Marco
	Baseado en sistema dinámico de adquisición
	Concurso de proxectos
	Contrato menor
	Derivado de asociación para a innovación
	Diálogo competitivo
	Licitación con negociación
	Negociado con publicidade
	Negociado sen publicidade Restringido

10. SISTEMA DE CONTRATACIÓN

	Contrato baseado nun Acordo Marco
	Contrato baseado nun Sistema Dinámico de Adquisición
	Establecemento do Acordo Marco
	Establecemento do Sistema Dinámico de Adquisición



UNIÓN EUROPEA
Fondo Europeo
de Desenvolvemento Rexional
Unha maneira de facer Europa

Informe xustificativo da necesidade e idoneidade da contratación

X	Non aplica
---	------------

11. TIPO TRAMITACIÓN

	Emerxencia
X	Ordinaria
	Urxente

12. NOMENCLATURA (CPV)

79311000-7 Servizos de estudos

- 79342200-5 Servizos de promoción
- 72000000-5: Servizos TI: consultaría, desenvolvemento de software, Internet e apoio
- 73000000-2: Servizos de investigación e desenvolvemento e servizos de consultaría conexos
- 98300000-6: Servizos diversos

13. TRAMITACIÓN DO GASTO

X	Ordinaria
	Anticipada

14. VALOR ESTIMADO DO CONTRATO:

Valor estimado do contrato	174.291,06 euros
Valor estimado da prórroga	0 euros
Prórroga extraordinaria art.29.4 LCSP (6 meses)	0 euros
TOTAL DO VALOR ESTIMADO	174.291,06 euros

15. TIPO MÁXIMO DE LICITACIÓN

Prezo base	174.291,06 €
------------	--------------

XX % de Gastos Xerais(no caso de obras)	€
X % de Beneficio Industrial(no caso de obras)	€
Tipo de licitación	€
(21)% de I.V.A.	36.601,12 €
TOTAL	210.892,18 €

16. PARTIDA ORZAMENTARIA

Nº Aplicación orzamentaria	030 43300 2269900 2018 3 EDUSI 3 /1
----------------------------	--

17. FINANCIACIÓN UE OU OUTRA

X	Si	Nome do Plan:	EDUSI REVIVE, financiada nun 80% polo Programa Operativo de Crecemento Sostible FEDER 2014-202
	Non		

18. DIVISIÓN POR LOTES

X	Si
	Non

18.1. XUSTIFICACIÓN DA NON PROCEDENCIA DA DIVISIÓN POR LOTES

EscribirAquí

19. FÓRMULA REVISIÓN DE PREZOS:

	Si
X	Non

20. CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA E OUTROS REQUISITOS DE SOLVENCIA TÉCNICA

OBRIGATORIA	Si	
	Non	X

Clasificación:

EscribirAquí

Outros requisitos de solvencia técnica

EscribirAquí

21. EMPRAZAMENTO

Empregaranse para o desenvolvemento das actividades os locais municipais determinados pola responsable do contrato, así como locais de outras entidades coas que se estableza colaboración. A preparación das accións realizarase nos locais da empresa adxudicataria

22. DIRECCIÓN

Non procede indicar dirección

23. PRAZOS DE EXECUCIÓN MÁXIMOS E PRÓRROGAS

PRAZO EXECUCIÓN		POSIBLES PRÓRROGAS	
Días		Días	
Anos		Anos	
Meses	6	Meses	NON

Dende a súa adxudicación ata o 31 de outubro de 2022.

24. CONDICIONES ESPECIAIS DE EXECUCIÓN DEL CONTRATO

X	Consideracións de tipo medioambiental
	Promover o emprego de persoas con dificultades particulares de inserción no mercado laboral
X	Eliminar desigualdades entre home e muller
	Combater o paro
X	Favorecer a formación no lugar de traballo
X	Cumprimento das Convencións fundamentais da Organización Mundial do Traballo
	Sometemento do contratista á normativa de protección de datos

25. SUBCONTRATACIÓN :

X	Si	Porcentaxe:
	Non	

26. ABOAMENTOS Á EMPRESA CONTRATISTA:

	Pago ÚNICO
X	Pago mensual
	Pago trimestral
	Pago por fases executadas
	Outras formas



Informe xustificativo da necesidade e idoneidade da contratación PROMOCIÓN ECONÓMICA